



# PLAN DE TRABAJO

**COORDINACIÓN DE BENESTAR E  
CONVIVENCIA NOS CENTROS  
EDUCATIVOS DE GALICIA**

**CEIP A SOLAINA CURSO 2023-2024**



## ÍNDICE DE CONTIDOS

1. INTRODUCCIÓN.....Páx.2
2. ANÁLISE DO CONTEXTO.....Páx.2
3. OBXECTIVOS.....Páx.3
4. ACCIÓNS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS E  
TEMPORALIZACIÓN.....Páx.5
5. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.....Páx.11

## 1) INTRODUCCIÓN

Este plan desenvolverase seguindo as directrices marcadas pola *Orde do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia*.

A persoa coordinadora de benestar e convivencia traballará, en coordinación co equipo directivo, co departamento de orientación e coas persoas dinamizadoras dos diversos equipos existentes no centro, intervindo dende diferentes ámbitos de actuación que se detallarán ao longo do presente plan de traballo, centrándose en mellorar a difusión, prevención, detección e coordinación en materia de convivencia e benestar no centro, converténdose así nunha persoa de referencia para apoiar a labor do profesorado ante posibles casos de violencia no centro ou na contorna do mesmo.

## 2) ANÁLISE DO CONTEXTO

O CEIP A Solaina é un colexio público que se atopa nun centro urbano, situado no barrio da Solaina, que fai parte da parroquia de Santa Icíá, pertencente á cidade e concello de Narón. A parroquia de Santa Icíá conta con algo máis de 6.000 habitantes e unha superficie de 1,75 km cadrados. As edificacións seguen na súa gran maioría unha tipificación arquitectónica asentada no modelo tardofranquista de urbanismo non planificado, con construcións axeitadas a ese modelo, vías estreitas e espazos públicos construídos xa no período democrático. A zona urbana do concello aséntase basicamente na zona sur, aproveitando a proximidade do termo municipal de Ferrol, co que comparte un espazo urbano continuado. A poboación total do concello bordea os 40.000 habitantes, o que o converte na cuarta cidade da provincia da Coruña.

A poboación responde a extractos sociais medios. Existe unha gran porcentaxe de familias nas que ambos cónxuxes traballan fóra de casa, sobre todo vaise notando entre as novas incorporacións a 4ºEI, que ano tras ano van necesitando o servizo de madrugadores e do comedor en maior porcentaxe que noutros niveis superiores. Na

súa maioría observamos un interese polo ensino dos fillos/as e unha tendencia estable a actuar favorablemente con respecto a obxectivos e situacións sociais.

Durante o curso 23-24 o CEIP A Solaina conta cun total de 396 alumnos/as. A maioría de cursos conta con dúas liñas, excepto 1º de educación primaria, que conta con tres liñas. A maioría do alumnado da Solaina reside na zona de área de influencia directa.

Non é un centro conflictivo, nin con importantes problemas de convivencia ou disciplina. Poderíase mencionar que nos últimos anos abríronse varios protocolos de acoso (un por curso), da forma que se detalla a continuación:

- Curso 16/17: 1
- Curso 17/18: 1
- Curso 18/19: 1
- Curso 20/21: 1
- Curso 22/23: 1

Debido á cantidade de alumnado do centro é necesario prestar especial atención á convivencia e benestar dos alumnos/as do centro educativo dunha forma eficaz e coordinada, para o cal preséntanse no seguinte punto os obxectivos que se pretenden acadar ao longo do curso escolar co presente plan.

### 3) OBXECTIVOS

No presente plan establécense obxectivos nos tres ámbitos de actuación determinados pola *Orde do 23 de agosto de 2023*: ámbito de difusión, de prevención e intervención e ámbito de coordinación.

a) Ámbito de difusión

- Difundir no claustro as funcións da persoa coordinadora de benestar e convivencia así como os puntos clave do Plan de Convivencia do centro.
- Presentar a figura de coordinador/a de convivencia e benestar, así como as súas funcións ao alumnado do centro educativo.
- Informar do procedemento a seguir para comunicar posibles situacións de violencia ou desprotección no centro educativo ou no contorno, incluíndo posibles casos de acoso escolar.
- Informar sobre os protocolos existentes no ámbito educativo que axuden a promover a convivencia e o benestar do alumnado , así como a súa inclusión (protocolo de acoso escolar e ciberacoso, protocolo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero, protocolo para o TEA, etc.)
- Orientar á comunidade educativa sobre o uso dos datos de carácter persoal do alumnado menor de idade.

b) Ámbito de prevención e intervención

- Colaborar na actualización do Plan de Convivencia do centro.
- Impulsar proxectos, actividades, campañas, plans e programas que favorezan a convivencia positiva, o benestar e protección do alumnado do centro educativo, así como uso de métodos alternativos de resolución pacífica de conflitos.
- Detectar as necesidades formativas e propoñer formación en materia de convivencia e benestar ao profesorado.
- Detectar de forma precoz posibles casos de violencia ou problemas de convivencia entre os alumnos/as.
- Colaborar na xestión do protocolo de actuación ante un posible caso de acoso escolar.
- Colaborar na promoción de actividades que favorezan a inclusión de alumnado vulnerable así como hábitos de vida saudables.

c) Ámbito de coordinación

- Trasladar ao claustro e consello escolar, se é o caso, información relevante sobre a xestión e benestar do alumnado, recollendo posibles suxerencias e propostas de mellora.
- Colaborar cos distintos axentes educativos para coordinar de forma eficaz todo o relacionado coa convivencia e benestar no centro educativo.

4) ACCIÓNS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS E TEMPORALIZACIÓN

| ÁMBITO DE DIFUSIÓN  |  |                 |
|---|--|-----------------|
| OBXECTIVO   | ACCIÓN   | TEMPORALIZACIÓN |
| Difundir no claustro as funcións da persoa coordinadora de benestar e convivencia, así como os puntos clave do Plan de Convivencia do centro. | Difusión das funcións da persoa coordinadora de benestar e convivencia nun claustro, así como elaboración dun resumo cos puntos clave do Plan de Convivencia que se poderá poñer nun lugar visible da sala de profesores ou na aula virtual. | 1º trimestre    |
| Presentar a figura de coordinador/a de convivencia e benestar, así como as súas funcións ao alumnado do centro educativo.                     | Presentación nas distintas aulas do centro por parte da coordinadora de benestar explicando as funcións que poidan ser de utilidade ao alumnado.   | 1º trimestre    |
| Informar do procedemento a seguir para comunicar posibles situacións de   | Elaborar un procedemento claro en coordinación con equipo directivo e  | 1º trimestre    |

|   |  |              |
|---|--|--------------|
| violencia ou desprotección no centro educativo ou no contorno, incluíndo posibles casos de acoso escolar.   | orientación e difundilo no claustro e nun lugar visible na sala de profesores para traballar de forma consensuada e común.   |              |
| Informar sobre os protocolos existentes no ámbito educativo que garden relación con calquera expresión de violencia ou que axuden á mellora da convivencia e á inclusión. | Crear un apartado de convivencia na aula virtual do centro na que colgar enlaces de interese como poden ser enlaces para o acceso aos protocolos relacionados coa convivencia e benestar ou calquera outra información que poida ser de utilidade. | 1º trimestre |
| Orientar á comunidade educativa sobre o uso dos datos de carácter persoal do alumnado menor de idade.   | Colgar na aula virtual do centro enlaces para o acceso aos protocolos de protección de datos.  | 1º trimestre |

| ÁMBITO DE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN                          |   |                 |
|--|---|-----------------|
| OBXECTIVO  | ACCIÓN  | TEMPORALIZACIÓN |
| Colaborar na actualización do Plan de Convivencia do centro. | Coordinación co equipo directivo e para actualizar de xeito coordinado o Plan de Convivencia do centro. | 1º trimestre    |

|  |   |                              |
|--|---|------------------------------|
| <p>Impulsar proxectos, actividades, campañas, plans e programas que favorezan a convivencia positiva, o benestar e protección do alumnado do centro educativo, así como uso de métodos alternativos de resolución pacífica de conflitos.</p> | <p>a) Iniciación das actividades do programa de tutoría entre iguais entre o alumnado de 3º e 5º e continuación do mesmo entre o alumnado de 4º e 6º de educación primaria.</p> <p>b) Realización de actividades que promovan a convivencia e colaboración entre os alumnos de educación primaria e educación infantil, como poden ser os amigos lectores.</p> <p>c) Valoración da viabilidade de crear unha aula de convivencia no centro.</p> <p>d) Impartición de charlas relacionadas co acoso escolar e ciberacoso por parte da policía nacional e outras entidades nos cursos de 5º e 6º.</p> <p>e) Promoción de actividades relacionadas coas habilidades sociais, cohesión de grupo, respecto á diversidade, igualdade e traballo das emocións nas tutorías.</p> <p>f) Celebración de conmemoracións a nivel centro como poden ser: Día da non Violencia e da Paz, Día Universal da Infancia, 25N, Día Internacional das persoas con Discapacidade, Día Mundial</p> | <p>1º, 2º e 3º trimestre</p> |
|--|---|------------------------------|



|   |  |                       |
|---|--|-----------------------|
|   | da Saúde, Día Internacional contra a LGTBIfobia.   |                       |
| Detectar as necesidades formativas e propoñer formación en materia de convivencia e benestar ao profesorado.          | Desenvolvemento dun PFPP ao longo do curso seguindo unha liña de convivencia, titoría entre iguais, prácticas restaurativas, TEA, altas capacidades, etc. para formar ao profesorado en materia de convivencia e inclusión.  | 1º, 2º e 3º trimestre |
| Detectar e intervir de forma precoz ante posibles casos de violencia ou problemas de convivencia entre os alumnos/as. | <p>a) Difusión de follas oficias de incidencias para recoller por escrito posibles problemas xurdidos no centro educativo.</p> <p>b) Realización de sociogramas dende o departamento de orientación nos distintos cursos e comunicación dos resultados para analizar a posible toma de medidas.</p> <p>c) Instauración dun método eficaz de comunicación de posibles problemas de convivencia por parte dos alumnos/as como pode ser un buzón.</p> | 1º 2º 3º trimestre    |
| Colaborar na xestión do protocolo   | Supervisión ou colaboración coas persoas   | Cando sexa preciso    |

|  |  |                                    |
|--|--|------------------------------------|
| de actuación ante un posible caso de acoso escolar.  | implicadas no tratamento do protocolo de acoso escolar, proporcionando a axuda necesaria se así se precisa.  | durante o curso                    |
| Colaborar na promoción de actividades que favorezan a inclusión de alumnado vulnerable así como hábitos de vida saudables. | Información, se é preciso, sobre os distintos servizos dos que dispón o colexio como poderían ser: servizo de madrugadores, servizo de comedor escolar, oferta de actividades extraescolares que promoven a actividade física, campaña de merendas saudables, etc. | Cando sexa preciso durante o curso |

| ÁMBITO DE COORDINACIÓN   |   |                    |
|--|---|--------------------|
| OBXECTIVO  | ACCIÓN  | TEMPORALIZACIÓN    |
| Trasladar ao claustro e Consello Escolar, se é o caso, información sobre a xestión e benestar do alumnado recollendo posibles propostas. | Comunicación de forma periódica sobre posibles temas importantes ou medidas tomadas en canto a convivencia escolar, buscando a coordinación de todo o claustro e recollendo posibles propostas e suxerencias de mellora sobre o | 1º 2º 3º trimestre |

|  |   |                    |
|--|---|--------------------|
|  | funcionamento das actividades ou medidas levadas a cabo.  |                    |
| Colaborar cos distintos axentes educativos para coordinar de forma eficaz todo o relacionado coa convivencia e benestar no centro educativo. | <p>a) Establecemento dunha hora semanal para a persoa coordinadora de benestar na que poderá levar a cabo diferentes tarefas de coordinación con orientación, xefatura de estudos, dirección do centro ou calquera outro axente implicado e poñer en marcha as accións determinadas polo presente plan.</p> <p>b) Coordinación e información á CCP sempre que sexa necesario para traslado de información relevante a outros equipo (de ciclo, etc.).</p> | 1º 2º 3º trimestre |

## 5) SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Para cada acción determinarase una serie de indicadores para medir a efectividade do plan, que se poderán realizar trimestralmente ou ao final do curso escolar.

O plan poderá ser revisado e actualizado ao longo do curso co fin de mellorar e adecuar o mesmo á realidade do centro ou do curso escolar.

Os indicadores que se utilizarán para avaliación das accións do presente plan serán os seguintes:

|   |   |
|---|---|
| A | Acción completada con éxito/utilidade real.                   |
| B | Acción completada sen éxito/utilidade real.                   |
| C | Acción en proceso de desenvolvemento ou que poderá retomarse. |
| D | Acción non traballada.  |

Unha vez avaliada a adecuación e efectividade do plan deberán realizarse propostas de mellora para ver que actividades deberán repetirse o curso posterior, as que precisen de modificación ou as que non se deban realizar por estar completadas.